Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 11 de maio de 2018, adoptou entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

"PUNTO CUARTO.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DO CONTRATO DE OBRA ARRANXO URBANIZACIÓN DO PM5-03, O MILLADOIRO.

O acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación no presente expediente de licitación foi adoptado en Xunta de Goberno Local de 12 de abril de 2018 e notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar e ós demais participantes no procedemento de licitación.

Unha vez presentada polo clasificado en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, resulta procedente adxudicar o contrato de obra Arranxo Urbanización do PM5-03 O Milladoiro.

Visto o informe favorable con observacións, que emite a Intervención Municipal con data 8 de maio de 2018 (Informe 154/2018).

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Adxudicar a realización da obra de Arranxo Urbanización do PM5-03 O Milladoiro, á empresa **Construcciones Ponciano Nieto SL** con CIF B-15293145, e nas seguintes condicións:

A.- Prezo: O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de cento noventa e un mil catrocentos cincuenta e nove euros e corenta e cinco céntimos **(191.459,45 euros)** sen IVE.

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende a contía de corenta mil douscentos seis euros e corenta e oito céntimos **(40.206,48 euros).**

C.- Prazo de execución: O prazo de execución do contrato será de **9 meses**, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

D.- Nomear como director de obra e coordinador de seguridade e saúde da obra arranxo urbanización do PM5-03. O Milladoiro ó arquitecto, David Fernández Nogueira.

E.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Segundo.- Notificar ós interesados e dar traslado ós departamentos municipais afectados.

Terceiro.- Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado."

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do señor alcalde en Ames, a once de maio de 2018, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace
O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria

C.I.F.: P – 1500200 – I